


A GUERRA FRÍA (1945-1991).....FICHA 1

Ola a todos. Esta primeira ficha sobre a Guerra Fría non é para entregar. Enviarei as solucións o venres 22 de maio. É para autocorrixir. Sorte!



1. CARACTERÍSTICAS DA GUERRA FRÍA (PP. 312-313/252-254)

- 1) Intenta definir Guerra Fría (entre 20-30 palabras)

Sería unha situación de tensión constante entre os dous bloques: o capitalista/occidental (liderado por EE UU) e o comunista/oriental (liderado pola URSS). Esta situación de tensión evitaba por todos os medios a guerra directa entre as dúas superpotencias.

- 2) Cita as dúas superpotencias

EE UU e a URSS

- ### 3) Zonas xeográficas do bloque comunista

Europa Oriental, China, Coreia do Norte e Cuba. E Vietnam logo da guerra.

- 4) Idem do capitalista

Europa Occidental, Norteamérica, Xapón e Oceanía.

5) Que serían os países non aliñados

Serían os países que non formaban parte de ningún bloque, esencialmente países recién independizados de África e Asia (ademais de Iugoslavia).

6) Explica por que as dúas superpotencias nunca chegaron a un enfrontamento directo. Emprega as palabras “disuasión nuclear”

Un enfrontamento directo implicaría o uso de armas nucleares e a posibilidade da destrución mutua. A disuasión nuclear explica isto. Se EE UU atacaba á URSS (ou viceversa) ambos acabarían destruídos.

7) Explica a ideoloxía de cada bloque

Bloque occidental. Democracia liberal, sistema de partidos políticos, libre mercado

Bloque oriental. “Democracia popular” (en realidade ditadura), partido único, economía planificada polo estado.

8) Algo de XEOGRAFÍA. Fíxate no mapa de Europa (está arriba) durante a guerra fría e clasifica os seguintes países en... Bloque Oriental (comunista) e Bloque Occidental (capitalista/proamericano). Hai que ter en conta que os países do continente americano eran todos pro EE UU, agás Cuba. En Asia, Xapón era proamericana, China era comunista e había dúas Coreas (una en cada bando).

Para facelo máis realista, subliña en vermello os países comunistas ou prosoviéticos.

Polonia Italia Bélxica China Bulgaria Portugal España Corea do Norte

Corea do Sur Cuba Francia Reino Unido Checoslovaquia Canadá

Comunistas: Polonia, China, Bulgaria, Corea do Norte, Cuba, Checoslovaquia

9) Imaxinemos que vives en Hungría en 1965. Estás no instituto (mala sorte!!). Clasifica as seguintes asignaturas en importantes, pouco importantes, imposibles.

Historia do Comunismo Relixión Bioloxía Matemáticas Inglés Ruso

Educación Física Marxismo Música

IMPORTANTES: Hª do Comunismo, Matemáticas, Ruso, Marxismo

POUCO IMPORTANTES: Bioloxía, Ed. Física, Música

Imposibles: Relixión, Inglés

10) Estamos en 1969. Clasifica as seguintes empresas (algunhas son ficticias) en públicas (estatais) ou privadas.

Compañía Eléctrica do Volga Banco de Chicago Metro de Varsovia Renault Fiat

Cubana de Aviación Canadian Railways Toyota Adidas Skoda (Checoslovaquia)

Públicas/estatais: Compañía Eléctrica do Volga, Metro de Varsovia, Cubana de Aviación. Skoda
Privadas: o resto

11) Entre que países habería comercio durante a Guerra Fría?

Italia-Francia URSS-Cuba EE UU-Polonia Xapón-China Italia-URSS
Suecia-Irlanda Brasil-Cuba Bulgaria-Romanía

Habería comercio entre Italia-Francia, URSS-Cuba, Suecia-Irlanda, Bulgaria-Romanía

GUERRA FRÍA....FICHA 2....ALIANZAS ECONÓMICAS E MILITARES

O PLAN MARSHALL (páxs. 316/317/**255-256**)

1) Cal era a finalidade do Plan Marshall?

A reconstrución de Europa e a recuperación da economía europea, devastada pola guerra.

2) Cal foi o presuposto deste plan?

Foi de 30.000 millóns de dólares

3) Que tipo de países foron beneficiados?

Os países de Europa occidental que tivesen un goberno democrático

4) Explica o caso de España

España era unha ditadura fascista e foi excluída das axudas.

5) Cal era a finalidade ideolóxica de dito plan

Evitar a propagación do comunismo.

6) Como se beneficia EE UU?

Recuperará o investimento (xa que eran préstamos) e Europa occidental será un mercado para os produtos norteamericanos.

6b) Explica as similitudes deste plan co Plan Dawes

Foron plans similares. En ambos casos, foi EE UU o que axudou a Europa. A diferenza foi que o Plan Dawes foi focalizado nun único país (Alemaña) e o plan Marshall é paneruropeo.

A ALIANZA MILITAR OCCIDENTAL (OTAN) (pp. 318/319/**pp.256/257**)

7) Que era a Otan? Cando foi fundada?

Unha alianza militar dos países occidentais. Foi fundada en 1949

8) Cita os países membros

EE UU, Canadá, Gran Bretaña, Francia, Holanda, Luxemburgo, Bélxica, Italia,...

9) Explica a súa finalidade

Prestarse axuda mutua en caso dunha agresión de terceiros países. Eses terceiros países serían comunistas.

10) Quen era o líder da organización?: EE UU

AS ALIANZAS NO BLOQUE SOVIÉTICO (páxs. 321/322/**258/259**)

11) Que era o Plan Molotov?

Un plan para a recuperación económica dos países do bloque oriental. Algo parecido ao Plan Marshall pero na zona comunista.

12) Que organización nace tras o plan Molotov? O COMECON

13) Que era o Pacto de Varsovia? Cando foi fundado?

Era a alianza militar que agrupaba aos países da órbita soviética. Foi fundado en 1955.

14) Le o doc. 7 e explica as similitudes entre este tratado e a OTAN

Ambos son tratados que propician unha alianza militar en torno a unha das superpotencias (EE UU ou a URSS). Teñen un carácter defensivo. Propoñen axuda militar en caso dun ataque de terceiros países.